



Cedeira, a 26 de maio de 2020

**Excelentísimo Sr. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA**

**D. Alberto Núñez Feijoo**

Síntome na obriga de manifestarlle o meu malestar e a miña tristeza tanto a nivel persoal, familiar e como Alcalde da Vila e Terra de Cedeira polas súas declaracións na Televisión de Galicia do pasado domingo 23 de maio de 2020 onde fai unha serie de afirmacións que nada teñen que ver coa realidade e que só responden a facerme un dano persoal tanto a min como aos veciños e veciñas de Cedeira.

En relación a estas declaracións gustaríame aclarar con vostede varios puntos:

1.- En primeiro lugar quero transmirlle a miña sorpresa cando vostede asegura publicamente que ao Alcalde de Cedeira en **“plena Pandemia producida pola Covid-19 o que máis lle preocupa é aprobar o cambio do nome dunha rúa adicada ao Sr. Manuel Fraga Iribarne”**.

Hai unha conclusión que se deduce das súas palabras: a vostede transmitíronlle unha información errónea, seguramente por parte do voceiro do seu grupo político en Cedeira (publicacións que recollen os medios a Voz de Galicia e o ABC na edición do 24 de maio), para intentar facerme dano persoal, información respecto da que non entendo que o Presidente da Xunta de Galicia non contrastase a súa veracidade, ou que vostede, aínda sabendo a verdade, sexa capaz de dicir o contrario; espero e desexo que fose polo primeiro suposto.

2.- En segundo lugar a instancia do Senado (adxunto documentos) dáselle traslado ao Concello de Cedeira de que debemos de cumprir a Lei de Memoria Histórica retirándolle o nome da rúa ao Sr. Manuel Fraga Iribarne que lle foi adicada cando foi Ministro durante a ditadura do Sr. Francisco Franco. O nome da rúa foi posto moito antes da instauración democrática en España, foi imposta en plena ditadura franquista na honra dun ministro de Franco. En ningún caso a este alcalde que suscribe este documento se lle pasaría pola cabeza retirar o nome dunha rúa adicada durante o seu mandato a unha persoa que foi elexida democraticamente como Presidente da Xunta de Galicia, existen varias placas en Cedeira que levan o seu nome durante o período en que foi Presidente da Xunta de Galicia e por suposto que non se lle van a retirar.

O retirar o nome do Sr. Manuel Fraga Iribarne á rúa que o leva no lugar en que no ano 1937 se levantou un CAMPO DE CONCENTACIÓN obedece a unha esixencia do SENADO DE ESPAÑA en correspondencia coa LEI DE MEMORIA HISTÓRICA que obriga a retirar canta homenaxe exista do que en España foi o franquismo.

En resumo, o nome retirado non foi posto en homenaxe ao Presidente da Xunta de Galicia, senón ao Ministro de Franco, a sazón de Información e Turismo.

2.- O nome que substituirá ao do Sr. Manuel Fraga será o de FRATERNIDADE, recollendo o sentir da Corporación Municipal que aspira a resolver con Paz o que noutrora foi gompismo, guerra e represión infinita.



En Cedeira, o 18 de decembro de 1936 foi fusilado o grupo de goberno do noso concello, entre eles o Alcalde de Cedeira, incluso temos nomeada unha Praza en Cedeira como “Praza 18 de Decembro” na honra destas persoas e das súas familias, por certo, co voto a favor do seu grupo, o cal me alegra.

4.- Pero o que máis me sorprende de vostede é que ASEGURE que o grupo de Goberno de Cedeira, o cal este veciño preside, aprobase este cambio de nome da rúa durante a Pandemia e se refiera a min en que me equivoco (certo, moitas veces) pero que non estou á altura dos acontecementos cando en medio da crise sanitaria o que me preocupou foi cambiarlle o nome á rúa. Como considero a vostede unha persoa honesta e como considero que se equivocou con esas afirmacións desafortunadas fruto da mala práxis do seu voceiro no grupo do PP de Cedeira, que fixo unhas declaracións malintencionadas dando a entender que isto se fixo durante o estado de alarma, quería aclararlle o seguinte:

**O nome do cambio de rúa foi levado ao Pleno do Concello de Cedeira en data 9 de marzo de 2020 (adxúntolle certificado), por suposto que antes de que se decretase o estado de alarma, e previo ditame da Comisión Informativa de Plenos, é dicir, cinco días antes de que se decretase o estado de alarma, e non como único punto, pois tamén ía incluído o sorteo das mesas electorais para as eleccións que vostede convocara para o día 5 de abril. O día 16 de marzo de 2020 este alcalde asina un decreto polo que quedan suspendidos os plenos ordinarios durante o estado de alarma, no sendo realizado ningún pleno, ata o día da hoxe, durante a vixencia do estado de alarma.**

5.- O meu compromiso durante este período de crise social, sanitaria e económica foi adicarme en corpo e alma polo benestar da veciñanza de Cedeira e colaborar en todo momento coas forzas e corpos de seguridade do Estado así como co persoal sanitario do Centro de Saúde de Cedeira, sen pensar en réditos de ningún tipo e sen facer ningún tipo de crítica á Xunta de Galicia, aínda sabendo que durante este tempo ninguén da Xunta, excepto o Delegado Territorial da Provincia da Coruña (para decirme que nos ían a enviar EPIS), se puxo en contacto comigo para preguntar pola situación dos nosos veciños, si necesitábamos algunha información, ..., pero en ningún caso fixen ningunha crítica á Xunta que vostede preside porque non procede nin sería éticamente correcto intentar sacar rédito político desta situación.

A miña sensación de tristeza é enorme ao escoitar nunha rolda de prensa ao Presidente de todas e todos os galegos facer esas acusacións que non se corresponden coa verdade (non quero utilizar outra palabra) e que fixeron un dano moi grande tanto a min como á toda a veciñanza de Cedeira e sobre todo á miña familia.

6.- Considero que neste intre o compromiso dun alcalde é o de fomentar o diálogo e loita en común contra os efectos desta pandemia, e ante esta situación este alcalde convidou aos voceiros dos outros partidos que formamos parte da corporación municipal, PP e BNG, a participar nunha mesa de diálogo para sacar adiante unha liña de axudas a autónomos, pymes, ..., e tamén de emerxencia social para axudar ás familias que se encontran en situación de extrema vulnerabilidade, mesa na que todos traballamos e da que me sinto moi orgulloso.



**Ante todos estos feitos que lle acabo de relatar gustaríame que fixese unha rectificación pública matizando esas afirmacións moi desafortunadas que tanto dano lle fixeron á nosa veciñanza e á nosa vila e aclarando que o Pleno de Cedeira non aprobou ese cambio de nome de rúa durante o estado de alarma senón o día 9 de marzo de 2020.**

Por último, gustaríame poder convidalo a vir a Cedeira para coñecer realmente os problemas que compartimos todos os cedeireses porque seguro que entre a administración que vostede preside, a cal representa a todas e a todos os galegos, e a que presido eu como alcalde seremos capaces de sumar forzas para mellorar a calidade de vida da veciñanza da nosa fermosa e querida vila sobre todo nestes momentos tan difíciles para as súas familias.

Reciba unha cordial aperta

Asdo.- Pablo Diego Moreda Gil

Alcalde do Concello de Cedeira